

# INVESTIGAMOS OS ELEMENTOS DA VIDA: A AUGA

**Ciencias Sociais:** O aire e a auga están na nosa contorna.


Nesta semana imos investigar sobre outro elemento elemental do noso entorno: A AUGA, tan importante para ter unha vida saudable.

Propoñovos suxestións de preguntas, actividades e experimentos para que os nenos/as se fagan conscientes da importancia da auga.

Tendes unha guía para facer un proxecto libremente, e tamén propostas máis guiadas para facer pouco a pouco nesta semana, o que vos dea tempo.

**Investigade o que queirades, libremente,** o importante é que disfrutedes xuntos e que eles aprendan. **Recordade que todos os investigadores deixan rexistrados os seus traballos, con fotos e/ou debuxos.** Pode ser nun Caderno de campo, nun mural, en vídeos explicativos, etc. Pero deben escribir algo sobre o tema.

## EL AGUA



### FASES DUN PROXECTO

Neste enlace tendes un proxecto moi chulo para peques, que vos pode servir de guía.

<https://mifabricadealas.com/2018/04/05/proyecto-el-agua/>

**Fase 1ª: Coñecementos previos:** Isto farase oralmente, pero debes recoller o que os vosos fillos/as contestan.

Que sabes sobre a auga?.....

**Fase 2ª: Que queres aprender sobre a auga?.....**

**Fase 3ª: Imos facendo o proxecto, co seu rexistro:** Unha portada, un índice, e en cada folla plasmade as vosas investigacións, textos, fotos, etc. Faille fotos para enviarme e grápao. Xa tes un libriño sobre a auga!

**Fase 4ª Que aprendiches sobre a auga?** Isto farase oralmente, pero debes recoller o que os vosos fillos/as contestan.....

### CONTIDOS, ACTIVIDADES E EXPERIMENTOS QUE PODEDES TRABALLAR:

**Observa o teu contorno e responde (ideas previas):** Que sabes da auga?.....

**Características da auga:** Como é? Utiliza os sentidos:

Olfato: ..... Gusto: .....

Tacto: ..... Vista: .....

Oído: .....

**Flotabilidade:** Algúns materiais ou obxectos flotan na auga e outros non:

Experimento 1: Enchede un recipiente con auga e probade con diversos obxectos se flotan ou non. Probade tamén cunha bola de plastilina ou masa de pan, que pasa ? .....logo dádlle forma de barco e volve de probar, que pasa? .....Por que?.....

**Solubilidad:** A auga é un gran disolvente, moitas substancias disólvense nela. Experimenta cales:

Experimento 2: En tres vasos botade, azucre, aceite, ... que pasa?..... Cales son solubles en auga .....E insolubles? .....

Ao ser a auga tan soluble, pódese mesturas con moitas substancias e reacciona ou facilita reaccións químicas con elas, o que a fai esencial na natureza.

**Usos da auga:** Para que podemos usar a auga?.....  
.....

**A auga na natureza :** Onde podemos atopar a auga na natureza: (doce ou salgada) mares, ríos, embalses, lagos, mananciais, nubes...

Doce: .....

Salgada: .....

**Os estados da auga:** sólido, líquido, gasoso

Experimento 3: Que pasa de deixas un cubiño de xeo fóra do conxelador? .....Compróbaos

Experimento 4: Facemos nubes: Enche un vaso con auga quente e déixao uns segundos para quentar o vaso, logo tira a metade da auga , e enriba pon un colador con varios xeos. Espera un pouco e verás como se forman pequenas “nubes” ao condensarse o vapor de auga ao contactar co xeo.

Experimento 5: De xeo a Vapor de auga: Colle uns cubiños de xeo, méteos nun cazo pequeno e pono ao lume, observa como vai cambiando de estado: auga sólida (xeo)-auga líquida- auga gasosa (vapor de auga)

Experimento 6: Facemos neve artificial: poñede bicarbonato sódico nunha bandexa, ide botándolle pouco a pouco vinagre (con xeringas do Dalsy, palliñas ou contagotas) e vede como reacciona, parecen volcáns, a que sí? Ao final, queda algo parecido á neve, co que podedes xogar coas mans (experiencia sensorial) Se inguides o vinagre con cores queda moi bonito.

**O ciclo da auga:** Observa na imaxe as fases do ciclo da auga: evaporación, condensación, precipitación, escorrentías e filtracións ata chegar ao mar e volver empezar.

Podes ver o [Vídeo de Camaleón sobre o ciclo da auga](#). Le o conto [“As aventuras de Pinguíña”](#) e explica oralmente que lle pasou a Pinguíña.

- **Actividade de lingua:** Podes inventar outra aventura para Pinguíña?.

**Conservación do medio ambiente: ecoloxía**

Non debemos malgastar a auga: como podemos facelo? .....

Necesitamos que a auga estea limpa para poder bebela, pero hai moitas actividades que a contaminan, sabes cales?.....

### MÁIS EXPERIMENTOS CON AUGA SINXELOS E CASEIROS.

Podedes escoller algúns para facer cos nenos/as, algúns, seguro que xa os coñecedes:

Experimentos 1. <https://www.youtube.com/watch?v=l1vpluupgR8>

Experimentos 2: <https://www.youtube.com/watch?v=xnwAw86SIgA>

Experimentos 3: <https://www.youtube.com/watch?v=xnwAw86SIgA>

### PLÁSTICA:

[O MAR NUNHA BOTELLA](#) , [ACUARIO NUN BOTE](#) , [BOTELLAS SENSORIAIS](#) MURAL MARIÑO

Ou calquera outra que se vos ocorra...